- b. Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios
- c. Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades
- d. Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa
- e. Portal de idiomas
- f. Lingua galega
- g. Plan formativo ofimático de Galicia
- h. Bibliotecas

## A satisfacción do alumnado cos cursos desenvolvidos

A Escola Galega de Administración Pública recibiu deste colectivo durante 2017 un total de 484 enquisas. Delas extráense os seguintes datos de satisfacción coa actividade formativa:



## Listaxe de cursos convocados para o persoal do PAS no ano 2017

| Código  | Nome do curso   | Horas | Edic. | Prazas |
|---------|---|-------|-------|--------|
| UN17001 | Medio de linguaxe administrativa galega   | 75    | 1     | 25     |
| UN17002 | Superior de linguaxe administrativa galega  | 75    | 1     | 25     |
| UN17003 | Lingua inglesa.- Nivel básico 1 (A1)  | 80    | 2     | 50     |
| UN17004 | Lingua inglesa.- Nivel básico 2 (A2)  | 80    | 2     | 50     |
| UN17005 | Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft office 2010)                    | 50    | 1     | 50     |
| UN17006 | Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft office 2010)                             | 50    | 1     | 50     |
| UN17007 | Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft office 2010)                          | 30    | 1     | 50     |
| UN17008 | Introdución á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679, de protección de datos. | 25    | 1     | 50     |
| UN17009 | Seguridade da información no ámbito das Universidades Públicas                                    | 30    | 1     | 50     |
| UN17010 | Sistema operativo, busca da información: Internet/intranet e correo electrónico                   | 30    | 1     | 50     |
| UN17011 | A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia                                       | 20    | 1     | 50     |
| UN17012 | A transparencia da Administración e os mecanismos de información                                  | 15    | 1     | 50     |
| UN17013 | A xurisdición contencioso-administrativa  | 20    | 1     | 50     |
| UN17014 | Atención á cidadanía  | 25    | 1     | 50     |
| UN17015 | Certificado dixital   | 30    | 1     | 50     |
| UN17016 | Como deseñar presentacións eficaces   | 20    | 1     | 50     |
| UN17017 | Curso básico de Seguridade Social   | 30    | 1     | 50     |
| UN17018 | Incompatibilidades dos empregados públicos de Galicia   | 18    | 1     | 50     |
| UN17019 | Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das adminis-                   | 25    | 1     | 50     |
| UN17020 | Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público                                | 25    | 1     | 50     |
| UN17021 | Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social                     | 20    | 1     | 50     |
| UN17022 | Modalidades contractuais recollidas no Estatuto dos Traballadores e na Lei 14/2011,               | 30    | 1     | 50     |
| UN17023 | Prevenición e xestión de conflitos  | 25    | 1     | 50     |
| UN17024 | Protocolo universitario   | 20    | 1     | 50     |
| UN17025 | Seguridade dixital a nivel de usuario   | 30    | 1     | 50     |
| UN17026 | Xestión de proxectos I+D+i no horizonte 2020  | 30    | 1     | 50     |
| UN17027 | Propiedade intelectual nas bibliotecas  | 24    | 1     | 25     |

## A FORMACIÓN NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Durante o ano 2017 a formación ofrecida ao persoal da Administración local levouse a cabo a través de dúas vías: directamente, mediante a convocatoria de actividades formativas, e indirectamente, a través de subvencións destinadas ao financiamento de plans formativos.

A través destas dúas canles a Escola cumpre co seu obxectivo de achegar unha formación diferenciada e de calidade aos empregados das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O programa elaborado directamente pola Escola para a este colectivo permitiu convocar **51 edicións e 2.007 prazas**.

| Edicións | Prazas |
|----------|--------|
| 51       | 2.007  |

Esta actividade distribuíuse en diferentes convocatorias que foron publicadas no Diario Oficial de Galicia nas datas que se indican a continuación:


- DOG núm. 55, do 20 de marzo (*actividades de formación continua*)
- DOG núm. 121, do 27 de xuño (*linguaxe administrativa galega*)

A formación deste persoal estruturouse nas seguintes áreas:

- a. Réxime xurídico e xestión das entidades locais
- b. Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades
- c. Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa
- d. Portal de idiomas
- e. Lingua galega
- f. Plan formativo ofimático de Galicia

## A satisfacción do alumnado cos cursos desenvolvidos

A Escola Galega de Administración Pública recibiu deste colectivo durante 2017 un total de 849 enquisas. Delas extráense os seguintes datos de satisfacción coa actividade formativa:



## Listaxe de cursos convocados para o persoal da Administración local no ano 2017

| Código  | Nome do curso  | Horas | Edic. | Prazas |
|---------|--|-------|-------|--------|
| LO17001 | Medio de linguaxe administrativa galega  | 75    | 1     | 25     |
| LO17002 | Superior de linguaxe administrativa galega   | 75    | 1     | 25     |
| LO17003 | A función de control e inspección urbanística nos pequenos municipios  | 25    | 1     | 25     |
| LO17004 | Fiscalización de subvencións   | 25    | 1     | 25     |
| LO17005 | Racionalización de recursos humanos na Administración local  | 25    | 1     | 25     |
| LO17006 | Xestión patrimonial nas entidades locais   | 25    | 1     | 30     |
| LO17007 | A nova instrución de contabilidade local: especial referencia ás contas anuais                                 | 20    | 1     | 25     |
| LO17008 | Liquidación práctica dos tributos locais de Galicia  | 15    | 1     | 20     |
| LO17009 | Responsabilidade patrimonial da Administración pública   | 25    | 1     | 25     |
| LO17010 | Actualización en materia normativa básica de réxime local  | 15    | 1     | 30     |
| LO17011 | Dirección eficaz e xestión de equipos  | 20    | 1     | 25     |
| LO17012 | A creatividade, unha gratificante ferramenta de xestión  | 12    | 1     | 12     |
| LO17013 | Sinatura electrónica   | 25    | 1     | 25     |
| LO17014 | Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft office 2010)                                 | 50    | 1     | 50     |
| LO17015 | Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft office 2010)  | 50    | 1     | 50     |
| LO17016 | Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft office 2010)                                       | 30    | 1     | 50     |
| LO17017 | Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft office 2010)                   | 30    | 1     | 50     |
| LO17018 | Introdución á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679 de protección de datos.               | 25    | 1     | 50     |
| LO17019 | Seguridade da información na Administración local  | 30    | 1     | 50     |
| LO17020 | Sistema operativo, busca da información: Internet/intranet e correo electrónico (contorno Windows)             | 30    | 1     | 50     |
| LO17021 | Análise de custos nas Administracións Públicas. O custo efectivo dos servizos na Administración Local          | 25    | 1     | 30     |
| LO17022 | A calidade na Administración pública. Procesos e procedementos   | 25    | 1     | 50     |
| LO17023 | A calidade da redacción administrativa. Técnicas para melloralas.  | 18    | 1     | 50     |
| LO17024 | Fórmulas de cooperación en xestión de subvencións nos concellos de Galicia                                     | 15    | 2     | 43     |
| LO17025 | As relacións de postos de traballo na Administración Local   | 25    | 1     | 30     |
| LO17026 | Elaboración de pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas na Administración local             | 30    | 1     | 50     |
| LO17027 | Extinción e liquidación de entes municipais. Remunicipalización dos servizos locais                            | 30    | 1     | 50     |
| LO17028 | O novo réxime de tesourería municipal. Especial referencia aos municipios de menos de 5000 habitantes.         | 30    | 1     | 50     |
| LO17029 | Persoal laboral temporal na Administración Local. Procedementos de consolidación de emprego e funcionarización | 30    | 1     | 50     |
| LO17030 | Responsabilidade patrimonial e procedemento sancionador. Especialidades no ámbi-                               | 30    | 1     | 50     |

## Listaxe de cursos convocados para o persoal da Administración local no ano 2017

| Código  | Nome do curso   | Horas | Edic. | Prazas |
|---------|---|-------|-------|--------|
| LO17031 | Réxime disciplinario en materia urbanística no ámbito local   | 30    | 1     | 30     |
| LO17032 | Simplificación administrativa e desburocratización no ámbito local  | 30    | 1     | 50     |
| LO17033 | O novo regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia e a súa incidencia na administración local               | 21    | 1     | 30     |
| LO17034 | Documentación electrónica. Arquivo electrónico. Dixitalización de documentos.                                 | 30    | 1     | 50     |
| LO17035 | Atención á cidadanía  | 25    | 1     | 50     |
| LO17036 | Certificado dixital   | 30    | 1     | 50     |
| LO17037 | Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano   | 30    | 1     | 50     |
| LO17038 | Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas               | 25    | 1     | 50     |
| LO17039 | Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público  | 25    | 1     | 50     |
| LO17040 | Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais  | 20    | 1     | 50     |
| LO17041 | Negociación e traballo en equipo  | 25    | 1     | 35     |
| LO17042 | Os orzamentos das entidades locais. Informes de viabilidade e regra de gasto                                  | 25    | 1     | 35     |
| LO17043 | Prevención e xestión de conflitos   | 25    | 1     | 50     |
| LO17044 | Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego   | 15    | 1     | 50     |
| LO17045 | Uso avanzado de aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)                              | 50    | 1     | 50     |
| LO17046 | Técnicas elementais de arquivos   | 25    | 1     | 50     |
| LO17047 | A contratación pública local. Fiscalización e xestión da contratación menor e negociada de pequenos concellos | 30    | 1     | 35     |
| LO17048 | Guías prácticas de exercicio da función interventora en pequenos e medianos concellos                         | 30    | 1     | 35     |
| LO17049 | Tramitación electrónica integral no marco da Lei 39/2015  | 50    | 1     | 50     |
| LO17050 | Exposición ao amianto nos edificios. Xestión do risco   | 14    | 1     | 30     |
| LO17051 | Notifica.gal. Sistema de notificación electrónica   | 15    | 1     | 25     |

## Subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais galegas

Ademais do programa formativo elaborado directamente pola Escola, este organismo tamén outorga anualmente subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia. Por cuarto ano consecutivo, a EGAP convocou, no DOG do 16 de marzo, as ditas subvencións.

No 2017 a cantidade asignada para as subvencións foi de 427.905 euros que permitiron convocar un total de 150 actividades formativas e 4.421 prazas.

Grazas a elas os seguintes beneficiarios puxeron en marcha os seus propios plans de formación, coas cantidades que se indican a seguir:

| Beneficiario                                 | Euros   |
|--|---------|
| Deputación Provincial da Coruña              | 106.628 |
| Deputación Provincial de Lugo                | 50.682  |
| Deputación Provincial de Ourense             | 51.574  |
| Deputación Provincial de Pontevedra          | 73.542  |
| Federación Galega de Municipios e Provincias | 102.697 |
| Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo | 14.441  |
| Concello de Cangas                           | 2.650   |
| Concello de Arteixo                          | 2.638   |
| Concello de Pontevedra                       | 5.866   |
| Concello da Coruña                           | 17.187  |



## A FORMACIÓN NA ADMINISTRACIÓN

### INSTITUCIONAL E ENTES INSTRUMENTAIS

A formación impartida para o persoal da Administración institucional e entes instrumentais no ano 2017 contou coa convocatoria de **31 edicións** e **1.460 prazas**.

| Edicións | Prazas |
|----------|--------|
| 31       | 1.460  |

Esta actividade distribuíuse en diferentes convocatorias que foron publicadas no Diario Oficial de Galicia nas datas que se indican a continuación:


- DOG núm. 46, do 7 de marzo (*actividades de formación continua*)
- DOG núm. 69, do 7 de abril (*linguaxe administrativa galega*)

A formación deste persoal estruturouse nas seguintes áreas formativas:

- a. Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas
- b. Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios
- c. Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades
- d. Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa
- e. Portal de idiomas
- f. Lingua galega
- g. Plan formativo ofimático de Galicia

### A satisfacción do alumnado cos cursos desenvolvidos

A Escola Galega de Administración Pública recibiu deste colectivo durante 2017 un total de 611 enquisas. Delas extráense os seguintes datos de satisfacción coa actividade formativa:



## Listaxe de cursos convocados para o persoal da Administración institucional e entes instrumentais no ano 2017

| Código  | Nome do curso   | Horas | Edic. | Prazas |
|---------|---|-------|-------|--------|
| EP17001 | Medio de linguaxe administrativa Galega   | 75    | 1     | 25     |
| EP17002 | Superior de linguaxe administrativa galega  | 75    | 1     | 25     |
| EP17003 | Lingua inglesa. Nivel básico 1 (A1)   | 80    | 2     | 50     |
| EP17004 | Lingua inglesa. Nivel básico 2 (A2)   | 80    | 2     | 50     |
| EP17005 | Lingua francesa. Nivel básico 1 (A1)  | 150   | 1     | 50     |
| EP17006 | Lingua francesa. Nivel básico 2 (A2)  | 150   | 1     | 50     |
| EP17007 | A calidade da redacción administrativa. Técnicas para melloralas  | 18    | 1     | 50     |
| EP17008 | Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia   | 20    | 1     | 50     |
| EP17009 | Atención á cidadanía  | 25    | 1     | 50     |
| EP17010 | Como deseñar presentacións eficaces   | 20    | 1     | 50     |
| EP17011 | Correo electrónico corporativo  | 12    | 1     | 50     |
| EP17012 | Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia | 20    | 1     | 50     |
| EP17013 | Introdución á Unión Europea e ao seu dereito  | 24    | 1     | 50     |
| EP17014 | Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia                          | 20    | 1     | 50     |
| EP17015 | Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas   | 25    | 1     | 50     |
| EP17016 | Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público  | 25    | 1     | 50     |
| EP17017 | Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social   | 20    | 1     | 50     |
| EP17018 | Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública  | 30    | 1     | 50     |
| EP17019 | Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia e outras publicacións institucionais  | 20    | 1     | 50     |
| EP17020 | Negociación e traballo en equipo  | 25    | 1     | 35     |
| EP17021 | Novo regulamento europeo en materia de tratamento de datos persoais   | 20    | 1     | 25     |
| EP17022 | O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral   | 20    | 1     | 50     |
| EP17023 | Técnicas elementais de arquivos   | 25    | 1     | 50     |
| EP17024 | Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base)   | 50    | 1     | 50     |
| EP17025 | Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft office 2010)  | 50    | 1     | 50     |
| EP17026 | Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft office 2010)   | 50    | 1     | 50     |
| EP17027 | Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)  | 50    | 1     | 50     |
| EP17028 | Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)   | 30    | 1     | 50     |
| EP17029 | Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft office 2010)  | 30    | 1     | 50     |
| EP17030 | Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress)   | 30    | 1     | 50     |
| EP17031 | Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft office 2010)  | 30    | 1     | 50     |

## O PROGRAMA DE AUTOFORMACIÓN

O programa de autoformación está orientado á adquisición de coñecementos e habilidades de xeito autónomo. O participante asume un papel activo no proceso de aprendizaxe e logra, a través deste programa, unha maior independencia para elaborar o seu propio plan de aprendizaxe.

En 2017 dirixiuse a todo o persoal ao servizo das diferentes administracións da Comunidade Autónoma, ao que se lle ofreceu un amplo abano de cursos relativos a diferentes áreas formativas que facilitan a capacitación para o desenvolvemento eficiente de calquera posto de traballo.

Ademais, esta formación facilita a posibilidade de acreditar a súa competencia mediante unha proba voluntaria que lle dá dereito a obter un certificado de equivalencia.

No 2017 convocáronse no DOG núm. 70 do 10 de abril un total de **84 edicións** e **8.400 prazas**.

| Edicións | Prazas |
|----------|--------|
| 84       | 8.400  |

Este programa dividiuse nas seguintes áreas formativas:


- a. Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas
- b. Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios
- c. Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades
- d. Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa
- e. Plan formativo ofimático de Galicia

## Listaxe de cursos convocados no programa de autoformación no ano 2017

| Código  | Nome do curso   | Horas | Edic. | Prazas |
|---------|---|-------|-------|--------|
| AF17002 | Incompatibilidades dos empregados públicos de Galicia   | 18    | 2     | 200    |
| AF17004 | As subvencións. Regulación estatal e autonómica   | 40    | 2     | 200    |
| AF17006 | Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social   | 20    | 2     | 200    |
| AF17008 | Subvencións e axudas económicas en tempos de crise  | 18    | 2     | 200    |
| AF17010 | O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral   | 20    | 2     | 200    |
| AF17012 | Réxime disciplinario do empregado público de Galicia  | 15    | 2     | 200    |
| AF17014 | Xénero e igualdade nas administracións públicas. A súa evolución normativa  | 25    | 2     | 200    |
| AF17016 | Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público         | 25    | 2     | 200    |
| AF17018 | Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia   | 20    | 2     | 200    |
| AF17020 | A Administración electoral: o papel das administracións galegas   | 15    | 2     | 200    |
| AF17022 | Estatuto básico do empregado público  | 25    | 2     | 200    |
| AF17024 | A reforma parlamentaria. Os cambios legais e regulamentarios.   | 15    | 2     | 200    |
| AF17026 | O impulso democrático en Galicia: medidas lexislativas  | 15    | 2     | 200    |
| AF17028 | Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia                          | 20    | 2     | 200    |
| AF17030 | Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia | 20    | 2     | 200    |
| AF17032 | Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público  | 25    | 2     | 200    |
| AF17034 | Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas   | 25    | 2     | 200    |
| AF17036 | Cooperación transfronteiriza e cohesión   | 24    | 2     | 200    |
| AF17038 | Introdución á Unión Europea e ao seu dereito  | 24    | 2     | 200    |
| AF17040 | O recurso por incumprimento e a responsabilidade das comunidades autónomas  | 20    | 2     | 200    |
| AF17042 | O principio de subsidiariedade no dereito da Unión Europea, o seu control   | 15    | 2     | 200    |
| AF17044 | Introdución ao dereito da UE para os xestores públicos  | 30    | 2     | 200    |
| AF17046 | Cambio e motivación nas organizacións   | 15    | 2     | 200    |
| AF17048 | Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos   | 15    | 2     | 200    |
| AF17050 | Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública  | 30    | 2     | 200    |
| AF17052 | Básico en prevención de riscos laborais   | 50    | 2     | 200    |
| AF17054 | Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos   | 15    | 2     | 200    |
| AF17056 | A calidade na Administración pública. Procesos e procedementos  | 25    | 2     | 200    |
| AF17058 | Iniciación á administración electrónica. Seguranza da información e protección de datos   | 20    | 2     | 200    |
| AF17060 | Seguridade dixital a nivel de usuario   | 30    | 2     | 200    |

## Listaxe de cursos convocados no programa de autoformación no ano 2017

| Código  | Nome do curso  | Horas | Edic. | Prazas |
|---------|--|-------|-------|--------|
| AF17062 | Uso avanzado de aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)             | 50    | 2     | 200    |
| AF17064 | Uso avanzado de aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)        | 50    | 2     | 200    |
| AF17066 | Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base)                    | 50    | 2     | 200    |
| AF17068 | Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft office 2010)               | 50    | 2     | 200    |
| AF17070 | Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft office 2010)                        | 50    | 2     | 200    |
| AF17072 | Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)                             | 50    | 2     | 200    |
| AF17074 | Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft office)                          | 30    | 2     | 200    |
| AF17076 | Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)                        | 30    | 2     | 200    |
| AF17078 | Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress)    | 30    | 2     | 200    |
| AF17080 | Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft office 2010) | 30    | 2     | 200    |
| AF17082 | Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (GNU/Linux)  | 30    | 2     | 200    |
| AF17084 | Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (Windows)    | 30    | 2     | 200    |



Nos últimos anos a Escola Galega de Administración Pública consolidouse como unha institución aberta a toda persoa interesada naqueles aspectos de actualidade, relevantes e incidentes no funcionamento da Administración pública. Por conseguinte, desde a EGAP fávórecese unha formación especializada para aqueles profesionais que traballan en contacto directo coa Administración, mediante cursos superiores e de especialización, e unha maior aproximación da cidadanía ao eido público, a través de cursos monográficos e xornadas.

Por unha banda, a modalidade de **cursos superiores e de especialización** son impartidos por docentes especialistas na materia e teñen a finalidade de profesionalizar tanto ao persoal da propia Administración como ao persoal externo no desenvolvemento da súas tarefas. Baixo esta premisa, durante 2017 a EGAP convocou seis actividades que contaron con 340 prazas.

Por outra banda, merecen especial mención as **xornadas e cursos monográficos** que se desenvolven na EGAP coa intención de debater, reflexionar e analizar os fundamentos das distintas problemáticas e cuestións de impacto social, da man de recoñecidos expertos das diversas materias eixe destas actividades divulgativas.

Proba disto é a organización dun número cada vez maior, ano tras ano, deste tipo de actividades. Durante 2017 a Escola levou a cabo un total de 13 cursos monográficos e 5 xornadas que recibiron 1194 e 407 solicitudes respectivamente. Nestas actividades tratáronse temas de grande incidencia política, económica e social.



## Cursos superiores convocados en 2017

### Curso sobre a xestión de instalacións deportivas: situacións e retos

- Publicación: DOG núm. 239, do 16 de decembro de 2016
- Obxectivos: achegar as principais cuestións referentes ao proceso de xestión das instalacións deportivas, facendo fincapé nos aspectos económicos e legislativos desde un punto de vista eminentemente práctico.
- Destinatarios:
  - Persoal de institucións, asociacións e instalacións deportivas, tanto públicas como privadas, con responsabilidade na xestión de instalacións deportivas.
  - Persoal de empresas e asociacións organizadoras de eventos e actividades de animación usuarias de instalacións deportivas.
  - Estudantes de posgrao e grao que desexen unha formación especializada en materia de economía e dereito deportivo.
  - Deportistas (en activo ou non) que teñan como obxectivo o seu desempeño profesional no sector.
  - Persoas en xeral interesadas na materia.
- Prazas: 50
- Duración: 40 horas lectivas (7 sesións presenciais de 4 horas, unha visita a unha instalación deportiva de 2 horas e 10 horas non presenciais de traballo autónomo do alumnado)
- Datas: do 26 de xaneiro ao 16 de marzo
- Lugar: presencial na sede da EGAP e por videoconferencia desde A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo
- Número de solicitudes: 169

### Curso superior sobre elaboración, xestión e avaliación de estratexias integradas de desenvolvemento urbano sustentable

- Publicación: DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017
- Obxectivos: dar a coñecer os obxectivos das políticas europeas en materia de desenvolvemento urbano e territorial a través do concepto estratexia DUSI e da convocatoria do IDAE, profundar na necesidade de incorporar esta visión e obxectivos estratéxicos da EE2020 na planificación municipal galega e aplicar ferramentas de xestión de fondos europeos a través das estratexias DUSI.
- Destinatarios: persoal funcionario do grupo A (subgrupos A1 ou A2), grupos I e II do persoal laboral e persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, cargos electos, así como profesionais que se atopen en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.
- Prazas: 40
- Duración: 100 horas (58 presenciais, 22 en teleformación e 20 de traballo individual final titorizado)
- Data: do 2 de marzo ao 11 de maio
- Lugar: Santiago de Compostela
- Número de solicitudes: 98



## Curso sobre o Novo marco normativo do urbanismo en Galicia: a Lei do solo de Galicia 2/2016 e o seu Regulamento; a Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

- En colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
- Publicación: DOG do 31 de marzo
- Obxectivos: divulgar e formar os profesionais no novo marco normativo en materia de urbanismo e regulación de actividades definido na Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da aprobación da Lei 2/2016, do solo de Galicia e o seu Regulamento e da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, que a desenvolve.
- Destinatarios: profesionais de perfil xurídico ou técnico que se encadren nalgunha das situacións seguintes:
  - Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 ou A2) do persoal funcionario
  - Pertencer aos grupos I ou II do persoal laboral
  - Ser arquitecto Colexiado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
  - Poderá acceder ás prazas restantes o persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, así como os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico
- Duración: 56 horas lectivas
- Datas: entre o 24 de abril e o mes de xuño (as datas son diferentes en cada localidade)
- Lugar: Lugo, Pontevedra, A Coruña, Ourense e Santiago de Compostela
- Número de solicitudes: 172

## Curso superior A nova lexislación administrativa básica: teoría e práctica

- Publicado: DOG 18 de abril
- Obxectivos: As leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, introduciron novidades relevantes na regulación do procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público, que inciden na organización e no funcionamento da Administración, no réxime xurídico dos convenios, na responsabilidade patrimonial das administracións públicas, nos recursos administrativos, na tramitación electrónica dos procedementos e nos dereitos das persoas nas súas relacións coa Administración. O obxectivo principal deste curso foi abordar o estudo das citadas modificacións do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común desde unha perspectiva práctica, para o cal, nunha primeira parte de cada sesión, procedeuse á análise, ao estudo e ao debate dos temas propostos e, na segunda parte, á súa aplicación a través da resolución de supostos prácticos.
- Destinatarios: persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos subgrupos I e II. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán ser cubertas por profesionais que estean en posesión do título de doutor/a, licenciado/a, diplomado/a, grao, arquitecto/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a técnico/a e enxeñeiro/a técnico/a
- Prazas: 100
- Duración: 45 horas lectivas
- Datas: do 3 de maio ao 29 de xuño
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Número de solicitudes: 224

### Curso superior de técnico de urbanismo 2017-2018

- En colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)
- Convocado no DOG do 3 de outubro
- Obxectivos: achegar coñecementos teórico-prácticos para actuar no mundo da ordenación do territorio e do urbanismo e responsabilizarse dos procesos de xestión do solo.
- Destinatarios: Persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 e persoal laboral dos grupos I e II das administracións públicas galegas. Arquitecto/a Colexiado/a no COAG. Persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, así como os profesionais que estean en posesión da titulación de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Datas: entre o martes 31 de outubro de 2017 e o xoves 8 de novembro de 2018
- Duración: 350 horas, das cales 288 presenciais (248 horas troncais + 40 optativas) e 62 de traballo individual
- Prazas: 50
- Número de solicitudes: 33

### Curso superior de Administración electrónica

- En colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia
- Publicación: DOG do 13 de outubro
- Obxectivos: afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración electrónica, con especial énfase no arquivo electrónico administrativo, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade.
- Destinatarios: persoal empregado público das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, e das universidades do Sistema universitario de Galicia que se encadren nalgunha das seguintes categorías:
  - grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario
  - grupos I e II do persoal laboral
  - grupo C do persoal funcionario ou grupo III do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V convenio colectivo único para o persoal da Xunta de Galicia que estea en posesión do título de ciclo superior de formación profesional relacionado coa informática.
- Modalidade: mixta
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Datas: desde o 30 de outubro ata o 20 de decembro
- Duración: 114 horas lectivas (30 presenciais e 84 en teleformación)
- Prazas: 50
- Número de solicitudes: 326

## Cursos monográficos convocados en 2017

### Curso monográfico A planificación estratéxica como método de xestión pública

- Publicación: DOG núm. 238, do 15 de decembro de 2017
- Obxectivos:
  - Analizar os aspectos máis destacados da planificación estratéxica e dirección por obxectivos: conceptos fundamentais e principios.
  - Motivar os participantes na reflexión estratéxica para facer fronte aos desafíos do sector público.
  - Afondar no coñecemento e manexo das principais ferramentas necesarias para formular e implementar a planificación estratéxica como método de traballo nas organizacións públicas.
  - Coñecer algunhas experiencias de planificación estratéxica levadas a cabo na Administración pública.
  - Aplicar os coñecementos adquiridos mediante a elaboración dun plan estratéxico.
- Destinatarios: O curso dirixiuse aos empregados das administracións públicas de Galicia, autonómica e local, que se encadren nalguna das seguintes categorías:
  - Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
  - Grupos I e II do persoal laboral.
- Duración: 12 horas lectivas
- Data: 4 e 5 de abril
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Número de inscricións: 57

### Curso monográfico Desafío 2020. Os novos retos da Administración na segunda década do século XXI

- Publicación: DOG do 21 de marzo
- Obxectivos: Nun contorno cambiante, cheo de desafíos, a Administración pública e os seus principais valores, o persoal que nela traballa, deben adaptarse á nova realidade social. Por estes motivos, a EGAP convocou un curso monográfico para axudarlles a anticipar eses cambios coa vista posta no ano 2020, que marcará o inicio da terceira década do século XXI, a que moitos coinciden en chamar a década paradigmática polo cambio de paradigma que representará.
- Destinatarios: empregados das administracións públicas de Galicia, preferentemente da Administración local, e ao persoal da Administración institucional e dos entes instrumentais do sector público de Galicia.
- Duración: 12 horas lectivas
- Data: 4 e 5 de abril
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Número de inscricións: 57

## Curso monográfico sobre os 60 anos da Unión Europea: balance e perspectivas

- Publicación: DOG do 7 de xuño
- Obxectivos: analizar os fitos acadados pola Unión Europea desde a súa constitución ata a actualidade e o futuro do proceso de integración, tendo en conta as incertezas derivadas do Brexit e demais retos que a Unión deberá afrontar os próximos anos.
- Destinatarios: persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia e dos entes do sector público autonómico, da Administración de xustiza, das universidades galegas, xuristas, profesionais, docentes, alumnos/as universitarios/as e persoas interesadas en xeral.
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Data: 22 e 23 de xuño
- Horario: mañá e tarde
- Duración: 12 horas
- Número de inscricións: 50

## Curso monográfico Responsabilidades administrativas e penais de autoridades e funcionarios

- Publicación: DOG do 7 de xuño
- Obxectivos: mostrar con exemplos prácticos as diferenzas entre os distintos tipos de rendición de contas, capacitando aos funcionarios e axentes da Administración para o mellor e máis seguro servizo público.
- Destinatarios: o persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia, estatal, autonómica ou local, persoal ao servizo da Administración de xustiza, así como da Administración institucional e dos entes instrumentais do sector público de Galicia, e interesados en xeral.
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Data: 29 e 30 de xuño
- Horario: mañá e tarde
- Duración: 15 horas
- Número de inscricións: 179

## Curso monográfico Cambio e motivación na función pública

- Publicación: DOG do 23 de xuño
- Obxectivos: este curso persegue, dunha forma totalmente práctica e experiencial, que as persoas participantes, poidan xestionar mellor o seu tempo, incrementar a súa motivación e acadar así, dun xeito máis doado, os obxectivos que se propoñan.
- Destinatarios: o persoal empregado das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, e dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Data: 12 de xullo
- Horario: mañá
- Duración: 4 horas
- Número de inscricións: 126

### **Curso monográfico Faite entender: a comunicación positiva e a arte de ler entre liñas**

- Publicación: DOG do 10 de xullo
- Obxectivos: contribuir ao desenvolvemento das competencias comunicativas proporcionando ás persoas participantes as destrezas, estilos e estratexias que favorecerán a comunicación positiva nas actividades de información e asesoramento ao público.
- Destinatarios: persoal empregado público das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Data: 4, 5, 11 e 12 de setembro
- Horario: tarde
- Duración: 15 horas
- Prazas: 35
- Número de solicitudes: 194

### **Curso monográfico Cambio e motivación na función pública. Nivel II**

- Publicación: DOG do 2 de agosto
- Obxectivos: continuación do curso monográfico “Cambio e motivación na Función Pública” realizado na EGAP os pasados 15 de xuño de 2016 e 12 de xullo de 2017, convócase co fin de afondar e consolidar os coñecementos adquiridos.
- Destinatarios: o persoal empregado das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, e dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, que participaran no nivel I do curso convocado no DOG nº 100, do 27 de maio de 2016 e no DOG nº119, do 23 de xuño de 2017.
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Data: 6 de setembro
- Horario: mañá
- Duración: 4 horas
- Prazas: 44
- Número de inscricións: 35

### **Curso monográfico Modelos de comunicación cos residentes: como comunicarse cos residentes que presentan deterioro cognitivo**

- Publicación: DOG do 29 de agosto
- Obxectivos: favorecer o desenvolvemento de estratexias de comunicación efectiva e afectiva, promovendo unha intervención comunicativa eficaz coas persoas con demencias, a través da integración das técnicas de comunicación emocional.
- Destinatarios: o persoal empregado público das administracións públicas galegas, en situación de servizo activo ou asimilada, que se dedique á atención a persoas maiores ou persoas con discapacidade dependentes, tanto en centros prestadores de servizos sociais como en servizos de atención domiciliaria.
- Lugar: EGAP, Santiago de Compostela
- Data: 25, 26, 27 e 28 de setembro
- Horario: tarde
- Duración: 15 horas
- Prazas: 35
- Número de solicitudes: 128

## Curso monográfico Como traballar a educación emocional infantil

- Publicación: DOG do 21 de setembro
- Obxectivos: achegar ao alumnado os fundamentos das emocións e a xestión emocional como algo que se aprende nas relacións de coidado (especialmente no ámbito afectivo familiar e educativo) e que é a base da seguridade emocional necesaria para un adecuado desenvolvemento psicosocial.
- Destinatarios: persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral. Dado o seu carácter práctico resulta especialmente aconsellable para psicólogos, pedagogos, persoal das escolas infantís, educadores/as ou auxiliares coidadores/as e outros profesionais relacionados coa educación infantil, máis aínda para aqueles que traballen con nenos en risco ou con necesidades especiais.
